



Estimadas familias:

O persoal do centro quere darvos a benvida a un novo curso escolar.

Estamos a moi poucos días do comezo das clases e todo o equipo docente está a traballar para que a volta sexa totalmente segura. Ademais, estamos a elaborar novos documentos de centro que recollen todos aqueles aspectos que serán do voso interese. En breve teredes na páxina web:

- O Plan de Adaptación á situación COVID - 19 no curso 2020-2021.
- O Plan de Acollida.
- O Plan de Continxencia.

Estes plans non serán totalmente pechados, pois ao longo do curso, o propio funcionamento do centro e as normativas vixentes en cada momento, obrigarán a facer posibles adaptacións.

Nestes momentos, parécenos oportuno adiantarvos a seguinte información:

- As familias, agás as de Educación Infantil, non poderán acceder ao recinto escolar durante as entradas e saídas do alumnado. Deberán deixar e recoller aos nenos/as no lugar e hora que vos indiquemos. O profesorado encargárase de recollelos e acompañalos en todo momento.
- A medición de temperatura e a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID - 19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar e seguindo a enquisa de autoavaliación (ANEXO I) que tedes na páxina seguinte. No caso de que se detectase sintomatoloxía o alumnado non acudirá ao colexio.
- Hai instalados dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e en todos os corredores. Recoméndase que cada alumno/a teña un bote pequeno de xel hidroalcohólico para uso individual, agás na etapa de Educación Infantil.
- Recordámosvos que o uso da máscara é obrigatorio a partir dos 6 anos de idade, durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo. Recoméndase o seu uso para o alumnado de Educación Infantil, sempre que exista boa tolerancia.
A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo.
- Tamén será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un contedor específico para gardala.
- O alumnado terá material de uso individual, que gardará de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.
Resulta recomendable que cada alumno/a teña o seu material gardado en contedores propios como estoxo e na medida do posible todo rotulado co seu nome.
- Co fin de evitar aglomeracións haberá unha nova distribución dos tempos de entrada e saída. Teredes nos vindeiros días esta distribución na páxina web.

Un saúdo,
A dirección.

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		